



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
➤ PRÓXIMA

Proxecto


Orzamentos 2019

OS ORZAMENTOS MÁIS EXPANSIVOS DA ÚLTIMA DÉCADA

Os orzamentos do Concello da Coruña para este 2019 **ascenden a 252 millóns de euros**, un 2,11% máis que en 2018. Trátase do **maior presuposto municipal dos últimos dez anos**, excluindo o do exercicio 2011. As contas elaboradas polo goberno local **son as máis expansivas** dende a crise económica. Este feito está motivado por que o gasto non financeiro, é dicir, o gasto real en bens e servizos para toda a cidadanía sobrepasa, por primeira vez na última década, os 245 millóns, un feito no que inflúe de maneira decisiva a minoración da débeda municipal coas entidades bancarias. A este factor hai que sumarlle, ademais, a capacidade de captación de fondos externos que volveu demostrar o goberno local.

O proxecto de orzamentos mantén, como prioridade principal do executivo municipal, **a loita contra as desigualdades** e o impulso das **políticas sociais**, algo que contribuirá a que A Coruña **afonde na senda iniciada este mandato** destinada a acadar unha maior cohesión en todos os ámbitos. Os presupostos tamén redobran o esforzo do executivo en **materia de políticas de emprego e dinamización económica, entendendo estas como parte do camiño cara á igualdade**, xa que os programas ofertados están destinados, en gran medida, á inclusión laboral dos colectivos máis vulnerables. Todo isto, apoiado, ademais, na aposta pola **mellora do espazo público, así como de equipamentos e servizos para a cidadanía**, que verá como se optimizan as ferramentas que garanten a súa **participación directa** nas tomas de decisión dos grandes asuntos de cidade.

Evolución Total Orzamentos



INGRESOS E CAPTACIÓN DE FONDOS EXTERNOS

A previsión de **ingresos totais medra en 5,2 millóns de euros (un 2,11%)** con respecto ao pasado ano. Unha das novidades neste apartado radica na intención **do goberno local de**

suprimir o copagamento no Servizo de Axuda a Domicilio (SAD), previsto para a primeira metade de 2019.

Ao igual que o ano pasado, en 2019 resulta determinante na evolución dos ingresos municipais a capacidade do goberno local para a **captación de fondos externos**. Neste apartado merece unha mención especial a consecución de **máis de 4,4 millóns** de euros procedentes do Fondo Social Europeo **para o programa Coruña Suma**, destinado a **inserción laboral** de colectivos especialmente vulnerables. A anualidade correspondente a 2019 incrementa os **ingresos por transferencias correntes** en máis de **1,5 millóns** de euros.


Outro dos elementos diferenciais que incrementa a previsión de ingresos deste exercicio deriva do **aumento substancial** dos fondos que recibe o Concello polo **arrendamento de inmobles urbanos**, concepto que medra máis de 1,8 millóns de euros (**un 294,11% máis**) debido, fundamentalmente, ao novo arrendamento do inmovible no que se asenta o hotel situado en Méndez Núñez. Un proceso derivado do traballo de revisión e actualización das concesións municipais **levado a cabo polo executivo local este mandato**.

Orzamentos 2019 - Ingresos				
Cap	2018	2019	Diferenza €	Δ %
1 Impostos Directos	100.175.234,47	100.951.676,71	776.442,24	0,78%
2 Impostos Indirectos	8.244.835,21	9.002.831,86	757.996,65	9,19%
3 Taxas, Prezos Públicos e outros Ing.	48.818.535,27	49.802.124,75	983.589,48	2,01%
4 Transferencias Correntes	68.057.405,42	70.214.720,41	2.157.314,99	3,17%
5 Ingresos Patrimoniais	6.717.729,65	8.725.428,83	2.007.699,18	29,89%
6 Alleamento de Investimentos Reais	3,00	238.503,00	238.500,00	7950000,00%
7 Transferencias de Capital	6.810.803,98	6.559.711,44	-251.092,54	-3,69%
8 Activos Financeiros	2,00	2,00	0,00	0,00%
9 Pasivos Financeiros	7.975.451,00	6.505.001,00	-1.470.450,00	-18,44%
Total Ingresos	246.800.000,00	252.000.000,00	5.200.000,00	2,11%

GASTOS

O marcado carácter expansivo radica en que **o gasto non financeiro**, é dicir, o gasto real en bens e servizos públicos, soborda **por primeira vez na última década os 245 millóns de euros**, superando amplamente as cifras dos orzamentos de 2011, cando o gasto non financeiro ascendeu a **243,9 millóns**. A redución da débeda bancaria por parte do goberno local fai que o gasto redunde directamente en melloras para a cidadanía.

Gasto Non Financeiro



REDUCCIÓN DO ENDEBEDAMENTO


O proxecto orzamentario de 2019 evidencia o esforzo continuado realizado ao longo de todo o mandato municipal para **refinanciar e minorar a débeda** que arrastraba o Concello. Dos 86 millóns de débeda viva cos que se atopou o goberno local en xuño de 2015 pasamos a 43,9 en decembro de 2018 (**unha redución do 48%**). O obxectivo co que traballa sempre o executivo municipal é o de destinar menos recursos aos bancos e máis a atender as necesidades reais da cidadanía.

O goberno local foi quen de abaratar os intereses que o Concello aboa ás entidades bancarias en máis de 2,5 millóns de euros con respecto a 2015. Esa redución continuará, se cabe aínda con maior intensidade, ao longo de 2019. **Os préstamos** para o financiamento dos orzamentos **reduciranse en máis de 1,4 millóns de euros** (un 18,4% menos que en 2018 e **un 47,5% menos que en 2015**).

En total, **o servizo da débeda** (incluídos os intereses) **redúcese en máis de 1,6 millóns de euros con respecto a 2018** (case un 20% menos). Desta forma, o peso da débeda decrece considerablemente no total dos gastos proxectados no orzamento (dun 3,44% o pasado exercicio a **un 2,71% en 2019**). No ano 2015, o peso da débeda supuña **máis dun 6%** dos gastos totais da administración local.

Débeda Pública	2015	2016	2017	2018	2019	Dif. 2019-18 €	Δ %
Gastos Financeiros	2.893.080,54	1.091.904,62	438.409,18	513.103,42	313.633,75	-199.469,67	-38,88%
Pasivos Financeiros	12.404.060,19	9.343.045,67	8.651.431,65	7.975.454,39	6.505.143,22	-1.470.311,17	-18,44%
Total	15.297.140,73	10.434.950,29	9.089.840,83	8.488.557,81	6.818.776,97	-1.669.780,84	-19,67%
Peso Relativo	6,07%	4,27%	3,80%	3,44%	2,71%		

Débeda Pública



REPARTO ORZAMENTARIO POR ÁREAS

Todas as concellerías do goberno local aumentan o seu orzamento, a excepción de Culturas, aínda que isto se debe á partida especial que se presupostou o pasado ano para acometer a reforma e cambio de cuberta do estadio municipal de Riazor, obra cuxo custo se elevou sobre os 7 millóns de euros.

En liña coas prioridades políticas do executivo municipal, as concellerías que máis soben en termos porcentuais son a de Igualdade e Diversidade, que incrementa a súa dotación o 13,7% con respecto ao pasado ano (642.985.43 €), e a Concellería de Emprego e Economía Social, que medra un 9,6%, mais de 841.000 € con respecto ás dotacións iniciais de 2018.

En termos absolutos destacan os crecementos das áreas de Medio Ambiente, que incrementa 3,3 millóns de euros con respecto ao pasado exercicio, nomeadamente por actuacións relacionadas coa limpeza viaria, e Facenda e Administración, que aumenta 2,5 millóns de euros como consecuencia das melloras laborais vinculadas ao capítulo 1 (actualización salarial, xubilación anticipada de policía, reclasificación policía, melloras na oferta de emprego para 2019), dentro da senda marcada por este departamento de devolver aos e ás traballadoras públicas os dereitos que se lles foron recortando durante a época de crise.

No caso da Concellería de Culturas, Deporte e Coñecemento, a minoración obedece a que este área recibiu unha dotación extraordinaria en 2018 para a realización das obras do

Estadio de Riazor (máis de 6,1 millóns de euros). Non obstante, a minoración orzamentaria é de 3,4 millóns de euros, co que, se non se tivese en conta a obra de Riazor, a dotación desta área de goberno medraría en 2,7 millóns de euros.

Orzamento de Gastos 2019 - Distribución Orgánica				
Concellaría	2018	2019	Diferenza €	Δ %
10 Alcaldía	1.951.681,01	2.089.735,16	138.054,15	7,07%
20 Facenda e Administración	71.762.222,82	74.270.313,73	2.508.090,91	3,50%
30 Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda	31.930.924,02	32.171.561,71	240.637,69	0,75%
31 Medio Ambiente	42.301.312,83	45.630.053,28	3.328.740,45	7,87%
41 Mobilidade Sostible	18.376.269,90	18.380.778,24	4.508,34	0,02%
50 Culturas, Deporte e Coñecemento	32.350.916,38	28.918.646,37	-3.432.270,01	-10,61%
51 Xustiza Social e Coidados	26.108.052,11	26.771.262,37	663.210,26	2,54%
60 Emprego e Economía Social	8.709.000,00	9.550.464,29	841.464,29	9,66%
70 Igualdade e Diversidade	4.693.690,39	5.336.675,82	642.985,43	13,70%
80 Participación e Innovación Democrática	8.615.930,54	8.880.509,03	264.578,49	3,07%
Total Gastos	246.800.000,00	252.000.000,00	5.200.000,00	2,11%

O Orzamento municipal de 2019 conta cos seguintes eixos básicos:

- > Cidade **Xusta e Igualitaria**
- > Fomento do **Emprego e Promoción Económica**
- > **Mellora do Espazo Público, equipamentos e servizos**

CIDADE MÁIS XUSTA E IGUALITARIA


> Gasto Social

En 2019 A Coruña **seguirá á cabeza dos concellos galegos en gasto social por habitante**. O proxecto de orzamentos para este exercicio reserva máis de 34,6 millóns de euros para actuacións centradas na protección e coidados dos colectivos con maiores dificultades, así como na promoción e inclusión social dos mesmos. A dotación neste apartado **incrementase en máis de 2,5 millóns con respecto a 2018 (o 7,86% máis)**.

Dende o ano 2016 o peso relativo das políticas sociais no total dos orzamentos municipais medra de forma constante e sistemática. Este ano, **o goberno local destinará un 13,77% do total dos presupostos a políticas sociais**, que contribúan a facer desta unha cidade máis igualitaria, en tanto que máis xusta e cohesionada. A previsión orzamentaria medra

case 4 puntos con respecto ao investimento destinado en 2014 a este ámbito. En 2014 o peso das políticas sociais ascendía a 24 millóns de euros, pasando en 2018 a acadar os 32,1 millón e os 34,6 este 2019. En resumo, en cinco anos, este programa experimentou un crecemento que se cuantifica en 10,6 millóns de euros.

Gasto Social



Gasto Social	2011	2015	2018	2019	Dif. 2019-18 €	Δ %
Actuacións de Protección e Promoción Social	23.314.515,85	25.468.155,45	32.162.565,68	34.689.851,96	2.527.286,28	7,86%
Peso Relativo	9,08%	10,11%	13,03%	13,77%		


> Políticas de Igualdade e Promoción Social

Na liña dos orzamentos municipais deste mandato, as contas do goberno local para este exercicio reservan unha partida moi sinalable de fondos para as **políticas de igualdade e promoción social**, que este 2019 **recibirán un impulso adicional de máis dun millón de euros, superando os 29 millóns**, o que supón un incremento de **máis do 55% con respecto aos recursos destinados en 2011** ou un 41% máis que os orzamentados en 2014, último orzamento completo xestionado polo anterior executivo municipal. En conxunto, os presupostos elaborados neste mandato **entre 2016 e 2019** levan dedicado ás políticas de igualdade e promoción social **28,6 millóns de euros máis** que os recursos iniciais presupostados durante o anterior mandato.

Entre outras actuacións, en 2019 o goberno local ten previsto **eliminar o copagamento** polas prestacións de axuda a domicilio, **aumentará os recursos destinados a Renda Social Municipal** en case **un 19%**, chegando até os 1,2 millóns de euros, e incrementará a dotación para axudas de **emerxencia social en máis dun 36%** con respecto a 2018, superando por vez primeira a **barreira do millón de euros** e triplicando o volume de recursos destinado en 2011.

O presuposto municipal tamén **duplica os fondos destinados aos comedores en etapas non lectivas para as unidades familiares con menos recursos**, así como redobra os esforzos nas políticas a prol dunha **cidade que educa** en principios de Igualdade e Diversidade, incrementando a dotación deste programa **en máis dun 52%**.

Igualdade e Xustiza Social




Igualdade e Xustiza Social	2011	2015	2018	2019	Dif. 2019-18 €	Δ %
Igualdade, Servizos Sociais e Promoción Social	18.686.800,16	21.827.149,76	28.051.138,73	29.083.280,30	1.032.141,57	3,68%
Peso Relativo	7,28%	8,66%	11,37%	11,54%		

FOMENTO DO EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

Se o gasto social é a prioridade do goberno local nos orzamentos para 2019, dentro do mesmo destacan as políticas de fomento do emprego, que constitúen a principal aposta do executivo municipal para este exercicio, **cun incremento de fondos de máis de 1,3 millóns** de euros con respecto a 2018, o que representa **un crecemento do 43,2%**.

Esta forte aposta polas políticas de emprego é posible, en boa medida, grazas ás partidas do **Fondo Social Europeo** captadas polo goberno local. Estas permitirannos aumentar e diversificar as actuacións municipais en materia de fomento de emprego, así como **incrementar os recursos destinados a favorecer a empregabilidade** dos colectivos con maiores problemas no acceso ao mercado laboral.

Fomento do Emprego



Emprego e Promoción Económica	2011	2015	2018	2019	Dif. 2019-18 €	Δ %
Fomento do emprego	2.449.110,23	2.699.732,20	3.120.089,86	4.468.741,89	1.348.652,03	43,22%
Peso Relativo	0,95%	1,07%	1,26%	1,77%		

Os **servizos municipais** destinados ao fomento do emprego reforzaranse cun incremento nos gastos do persoal encargado de aterrar estas políticas **de máis de 800.000 euros (un 67,8% máis)**. Do mesmo xeito, os recursos destinados a **cursos de formación** para facilitar a empregabilidade **medran en preto de 900.000 euros** con respecto a 2018.


> Promoción Económica

A aposta polas políticas de fomento do emprego vese tamén reforzada neste proxecto de orzamentos para 2019 pola **intensificación das políticas de promoción da actividade económica**, que reciben un impulso adicional de 1,1 millóns de euros. En termos agregados **medrarán un 5,5% con respecto ao ano 2018**, un crecemento que multiplica en 2,6 veces a taxa de crecemento dos recursos totais. As actuacións de carácter económico, que en 2014 ascendían a 16,7 millóns de euros, pasaron en 2018 a 19,9 millóns de euros e a medrar até os 21 millóns no proxecto orzamentario de 2019, cun crecemento de 4,3 millóns en cinco anos.

Dentro deste eixo de actuación destacan os fondos orzamentados para **acometer melloras nos mercados municipais**. Estes incrementanse **en case 650.000 euros, un 32,9% máis con respecto a 2018**, até superar os 2,6 millóns de euros. Ademais das actuacións xa previstas nos mercados de **Monte Alto e Santa Lucía**, o proxecto presupostario deste ano inclúe unha dotación de **1,1 millóns de euros para a renovación do de Durmideiras**, así

como partidas para a mellora das instalacións na **praza de Lugo** e a rehabilitación da contorna do mercado de **San Agustín**.

Emprego e Promoción Económica



Emprego e Promoción Económica	2011	2015	2018	2019	Dif. 2019-18 €	Δ %
Fomento do emprego	2.449.110,23	2.699.732,20	3.120.089,86	4.468.741,89	1.348.652,03	43,22%
Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas	2.695.465,24	6.763.857,68	7.091.634,33	7.305.829,62	214.195,29	3,02%
Transporte público	7.124.571,97	8.764.434,71	9.323.473,98	9.951.577,58	628.103,60	6,74%
Infraestruturas	3.018.172,98	5.465.902,54	2.074.906,61	2.231.684,58	156.777,97	7,56%
Outras actuacións de carácter económico	958.276,07	975.768,29	1.498.151,81	1.603.190,98	105.039,17	7,01%
Total Emprego e Promoción Económica	16.245.596,49	24.689.695,42	23.108.256,59	25.561.024,65	2.452.768,06	10,61%
Peso Relativo	6,33%	9,79%	9,36%	10,14%		

MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO, EQUIPAMENTOS E SERVIZOS

O goberno local traballa en base a uns obxectivos de desenvolvemento que deriven nunha cidade máis sostible e xusta, en consonancia coas recomendacións que a Unión Europea ten para as cidades. Neste contexto, e de cara a fomentar unha maior cohesión social, o goberno local complementa a súa aposta polas políticas sociais e de emprego coa mellora dos equipamentos e servizos públicos. Se o ano 2018 tivo no cambio de cubertas do estadio municipal de Riazor a súa maior obra pública, este 2019 o goberno local contempla no seu proxecto orzamentario o remate do complexo deportivo do **Castrillón**, dotado con máis de **2 millóns** de euros, a remodelación do **mercado de Durmideiras** (1,1 millón de euros), a mellora da contorna do mercado de **San Agustín**, ou a reforma do antigo edificio do **Remanso**. A reconfiguración do cruce entre a rolda de Nelle e a avenida de Fisterra co **derrubamento do viaduto** é outra das actuacións destacadas, entre as que tamén se contemplan outras moitas ligadas **aos fondos europeos FEDER conseguidos grazas á estratexia urbana EidusCoruña**, entre as que destaca, por exemplo, a posta en valor do

patrimonio cultural dos **cemiterios da cidade** (San Amaro, Oza e Feáns), a mellora dos **xardíns históricos**, o avance da expansión de arborado mediante o programa **Bosques da Coruña**, a expansión **do carril bici** e a inclusión de novos tramos, como na contorna do polígono da Grela entre outras.

No que atinxe aos servizos públicos, este será o exercicio no que mellore de xeito ostensible os recursos para **Limpeza Viaria**, para o que se destinan **13,9 millóns de euros**, adecúe e modernice este servizo ás dimensións e necesidades actuais da cidade. As contas municipais destinan tamén **9,1 millóns de euros** (un **8,36% máis** que en 2018) á mellora do **Transporte Público Urbano**, que non só experimentará unha baixada das tarifas, senón que tamén permitirá a creación de **novos perfís subvencionables** de persoas usuarias.

Mellora do Espazo Público: Equipamentos e Servizos	2018	2019	Dif. €	Δ %
Infraestruturas	2.074.905,61	2.231.684,58	156.778,97	7,56%
Vías públicas	8.984.600,04	10.119.809,71	1.135.209,67	12,64%
Alumeado Público	9.075.850,60	10.328.021,25	1.252.170,65	13,80%
Parques e xardíns	7.410.902,19	7.498.929,32	88.027,13	1,19%
Praias	176.100,24	192.099,24	15.999,00	9,09%
Cemiterios	1.085.153,91	1.592.501,15	507.347,24	46,75%
Centros de ensino preescolar e primaria	4.170.387,83	4.224.496,28	54.108,45	1,30%
Equipamentos culturais e museos	1.188.566,47	1.368.104,62	179.538,15	15,11%
Patrimonio Histórico-Artístico	395.204,30	659.531,46	264.327,16	66,88%
Instalacións de ocupación do tempo libre	632.711,68	697.190,94	64.479,26	10,19%
Bibliotecas públicas	4.563.294,11	4.892.254,21	328.960,10	7,21%
Mercados, abastos e lonxas	1.970.917,77	2.619.712,54	648.794,77	32,92%
Limpeza viaria	11.095.026,88	13.908.663,00	2.813.636,12	25,36%
Protección e mellora do Medio Ambiente (resto)	2.563.796,05	2.796.080,22	232.284,17	9,06%
Seguranza e orde pública	15.694.232,85	17.349.544,88	1.655.312,03	10,55%
Servizo de extinción de incendios	5.391.232,71	5.735.031,01	343.798,30	6,38%
Protección civil	644.998,69	682.526,78	37.528,09	5,82%
Protección da salubridade pública	558.147,74	571.502,64	13.354,90	2,39%
Servizos complementarios de educación	1.824.211,60	1.899.452,02	75.240,42	4,12%
Promoción cultural	1.816.230,62	1.980.212,08	163.981,46	9,03%
Promoción e fomento do deporte	2.581.452,63	2.713.814,49	132.361,86	5,13%
Transporte colectivo urbano de viaxeiros	8.399.620,00	9.101.662,00	702.042,00	8,36%
Protección de consumidores e usuarios	206.642,34	258.393,19	51.750,85	25,04%
Atención á cidadanía	575.921,72	630.722,33	54.800,61	9,52%